

Descargado da Web o 05.11.09:

http://www.lavozdeg Galicia.es/vigo/2009/11/05/0003_8085058.htm

La Voz de Galicia.es Xoves 5 de novembro del 2009

Vigo

Área metropolitana. Moaña

Moaña machuca a multas ás empresas de móbiles por operar sen licenza municipal

Vodafone pagou voluntariamente as 15 sancións coercitivas, pero as demais están en vía executiva

Autor:

J. Santos

O Concello de Moaña impuxo un total de 15 multas de 3.000 euros a cada unha das catro operadoras que comparten a polémica antena da rúa As Barxas. Son, en total, 60 sancións coercitivas por un importe de 180.000 euros cuxo obxectivo é que as compañías paralicen a actividade da antena en cuestión por carecer de licenza. O Concello non logrou o seu obxectivo. As compañías seguen utilizando a instalación. Vodafone pagou relixiosamente en período voluntario, aínda que se reserva os pertinentes recursos. A firma Xfera anunciou ao Concello que deixara de operar, pero o informe do Ministerio de Industria afirma o contrario.

Telefónica Móviles acudiu ao xulgado para que obrigue ao Concello a suspender a resolución. Gañou en primeira instancia, alegando que produce unha «perturbación grave dos intereses xerais», pero o xuíz, finalmente,



<http://www.apdr.info/>

denegoulle a súa petición argumentando que aceptar que utilice unha instalación que carece de licenza municipal sería dar cobertura a unha instalación ilegal, desautorizando ao Concello na súa misión de velar polo cumprimento da legalidade urbanística «á cal deben subordinarse os intereses xerais so pena de primar o mercado por encima da Lei con grave quebra do Estado de Dereito».

Telefónica de España tamén recorreu aos tribunais cando lle chegou a oitava multa. É a propietaria do edificio sobre o que se asentán as antenas, construído fai 35 anos. Alegaba que non é a titular da actividade e cuestiona a capacidade do Concello para sancionar. O xuíz di que a multa coercitiva non é «propriadamente unha sanción», senón unha medida «de constreñimento económico» que ten por finalidade a execución forzosa do que pide o Concello, a legalización da actividade.

«Atopámonos/Atopámosnos ante a impugnación dunha multa coercitiva, a oitava, por certo, segundo declara a propia actora no seu escrito de demanda, sen que conste, aléguese ou se acredite nin impugnación nin menos aínda suspensión da execución da resolución da Alcaldía», indica o xuíz, que desestima a petición da empresa.

O expediente ocupa dous archivadores. Inclúe catro copias de cada resolución e outras tantas da liquidación de cada multa, acompañadas do informe do inspector de obras que di: «Non procederon á suspensión da actividade ordenada».

A primeira quenda de multas é de xuño do ano pasado. A última, do 31 de agosto deste ano. O Concello outorgou ás catro empresas un novo prazo de tres meses para que soliciten a licenza. Se non o fan, imporalles novas multas coercitivas entre 1.000 e 10.000 euros ata que leven a cabo «ou cumprimento ordenado». O arquitecto municipal di que a actividade é legalizable. As operadoras terían que presentar o correspondente proxecto cumprindo as normativas municipal, autonómica e estatal.